

Aclaracións relativas ó proceso de admisión.

- Prazo - do 1 ó 21 de marzo de 2022.
- Lugar – no centro no que pretende ser admitido como primeira opción ou na sede electrónica a través da aplicación “admisionalumnado”.
- A solicitude de posto escolar é única. Se presentan máis de unha, aínda que a primeira sexa anulada, perderá o dereito de prioridade.
- A presentación de solicitude de admisión noutro centro estando vinculado por reserva (ESO en centro adscrito) perderá o dereito de prioridade.
- O alumnado que resulte admitido no novo centro perderá o dereito de permanencia no centro de orixe.
- A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais.
No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial e convenio regulador.
- **No caso de denegar a consulta electrónica automatizada de datos, deberán presentar fotocopia de DNI, título de familia numerosa e certificado de discapacidade.**
- **No caso de denegar a consulta electrónica automatizada da renda e domicilio fiscal, dende escolarización nos advertiron que no terían puntos por eses criterios.**
- **Adxuntar á solicitude:**
 - **Fotocopia do DNI do alumno (ou do libro de familia ou certificado de nacemento).**
 - **Certificado de matrícula no caso de traslado de centro.**
 - **Certificado de antigo alumno dun centro salesiano dun dos proxenitores.**
 - **Padrón familiar (deben aparecer tódolos membros da unidade familiar).**
- A persoa solicitante poderá pedir que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo e non serán acumulables as puntuacións polos dous criterios.
- Considérase domicilio familiar o habitual de residencia da proxenitora, proxenitor ou titores do alumnado, comprobarase que coincidan domicilio fiscal co padrón.
- No caso de optar a unha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo achegarase, de darse o caso, a documentación que o acredite e poñeranse en contacto co departamento de orientación do centro.
- Para a valoración da renda, os interesados deberán facer constar a cantidades correspondente a base impositiva en caso de declaración conxunta ou a suma das bases impositivas de cada un dos declarantes en caso de declaración individual. Constará a cantidade que resulta da suma das casillas da base impositiva xeral e da base impositiva do aforro do imposto sobre a renda de 2020 (presentada no 2021).
- No caso de presentación telemática da solicitude (opción preferible) enviar por correo electrónico ou facer chegar ó Colexio os documentos da solicitude propios do centro.